

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E
VIDA SAUDABLE DO DÍA 19/09/2025****ASISTENTES**

PRESIDENTE: D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

VOGAIS: D. JAVIER TOURIS ROMERO, en substitución de D^a. LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ
D^a BELÉN CACHAFEIRO ANTA
D. ROBERTO JOSÉ ÁLVAREZ CARRERO
D. JORGE CUBELA LÓPEZ
D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA
D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA
D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ
D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ
D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN
D^a. BEATRIZ LOMBA RODRÍGUEZ
D^a. MARÍA ORTEGA IÑARREA

Sendo as doce horas e trinta minutos do día dezanove de setembro de dous mil vinte e cinco, reúnen-se no Pazo Provincial os/as Sres./Sras. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Rafael Domínguez Artime. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, D^a. Marina Piñeiro Novo.

Aberta a sesión pola Presidenta, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día cinco de setembro de dous mil vinte e cinco.

2.- Dar conta do "PATROCINIO DEPORTIVO "XXIII VOLTA CICLISTA A GALICIA 2025" da Federación Galega de Ciclismo".

A presidenta dá conta do contrato do patrocinio deportivo entre a Deputación provincial de Pontevedra e a Federación Galega de Ciclismo, que está dotado con 5.000,00 euros para a celebración do evento XXIII VOLTA CICLISTA A GALICIA 2025.



A data de celebración do evento foi entre os días 11 ao 14 de setembro de 2025.

3.- Dar conta da "CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E AS FEDERACIONES AUTONOMICAS E ESPAÑOLAS PARA POSIBILITAR A ORGANIZACIÓN DE COMPETICIONS OU EVENTOS DEPORTIVOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA".

A presidenta dá conta da concesión de subvencións, en concorrencia competitiva, a clubs deportivos da provincia de Pontevedra e ás Federacións autonómicas e españolas para posibilitar a organización de competicións ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra para o ano 2025.

Convocáronse cun financiamento de 550.000,00 euros, con cargo á aplicación 25/340.3410.489.04. O prazo de solicitudes rematou o 04 de abril de 2025.

Trala recepción de solicitudes e comprobación das mesmas, resolveuse a concesión das axudas ás entidades. A Liña 1, por un importe total de 300.000,00 euros, e a Liña 2, por un importe total de 250.000,00 €.

4.- Dar conta da "CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS OFICIAIS DE ÁMBITO ESTATAL NO ANO 2025".

A presidenta dá conta da concesión de subvencións, en concorrencia competitiva, a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participen, con algún equipo ou deportista, en competicións oficiais de ámbito estatal para o ano 2025.

Trala recepción de solicitudes, resolveuse a concesión cun financiamento de 900.000,00 euros, con cargo á aplicación 25/340.3410.489.20. O prazo de solicitudes rematou o 15 de abril de 2025.

5.- Dar conta do "PLAN + XUVENTUDE 2025, CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCURRENCIA COMPETITIVA DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL, PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2025".

A presidenta dá conta da concesión de subvencións, en concorrencia competitiva, do Plan + Xuventude, axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social, promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2025.

Convocáronse cun financiamento de 101.588,58 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/233.2310.480.02. O prazo de solicitudes rematou o 15 de abril de 2025.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo ás 10:35 h do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretaria dou fe.

